# Novos dereitos, agora toca aplicalos no SERGAS

**A nova normativa estatal afecta a TODO O PERSOAL RESIDENTE: MIR, EIR, FIR, PIR, BIR, QIR e RFIR.**

O BOE do 6 de novembro modifica as condicións de traballo e as retribucións do persoal residente. CIG-Saúde esixe negociar a súa aplicación en Galicia.

## 1 QUE CAMBIA COA NOVA NORMATIVA ESTATAL?

### DESDE O 1 DE XANEIRO DE 2027

Aumenta o complemento de grao de formación, que xa existía, e incorpórase o primeiro ano de residencia.

| % DO SOLDO BASE | R1 | R2 | R3 | R4 | R5 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Complemento actual** | 0% | 8% | 18% | 28% | 38% |
| **Novo complemento** | **18 %** | **28 %** | **38 %** | **48 %** | **58 %** |

### DESDE O 1 DE SETEMBRO DE 2027

| XORNADA E GARDAS | NOVOS LÍMITES |
|---|---|
| **Xornada ordinaria** | 35 h/semana de media semestral |
| **Xornada total, incluídas gardas** | 45 h/semana de media trimestral |
| **Gardas** | 4 módulos de 17 h/mes, como regra xeral |
| **Quinta garda** | Excepcional e con condicións |
| **Duración máxima** | 17 h de traballo efectivo |

| DESCANSOS | NOVOS DEREITOS |
|---|---|
| **Entre xornadas** | 12 horas seguidas |
| **Descanso semanal** | 24 horas, acumulables ao descanso diario |
| **Descanso semanal non gozado** | Compensación nun máximo de 14 días |

Tamén se introducen cambios en conciliación, control horario e prevención de riscos laborais.

## 2 QUE ESIXE CIG-SAÚDE AO SERGAS?

**QUE SE CONVOQUE A MESA SECTORIAL PARA NEGOCIAR A APLICACIÓN DA NOVA NORMATIVA**

**Xornada e gardas**
Adaptar os horarios aos novos límites e negociar as condicións excepcionais da quinta garda.

**Descansos e libranzas**
Garantir os descansos legais e manter a libranza compensatoria da garda do venres xa acordada en Galicia.

**Retribucións**
Aplicar a subida do complemento de grao de formación desde xaneiro de 2027.

**Condicións de traballo**
Establecer criterios comúns en todas as áreas sanitarias sobre horarios, conciliación, rexistro horario e prevención de riscos.

**CIG-SAÚDE ESIXE NEGOCIACIÓN, COMPROMISOS CONCRETOS E UN CALENDARIO DE APLICACIÓN.**